

# CADERNOS

DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO

## Orzamentos 2017: profundando na crise

*Cadernos do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia*  
*Orzamentos 2017: profundando na crise*  
*Xaneiro de 2017*

Elaboración: Secretaría de Emprego e Gabinete Técnico Económico

## ÍNDICE

Resentiranse o crecemento económico e a creación de emprego .....	5
Agravarase a insuficiencia de ingresos non financeiros.....	7
O gasto non financeiro medrará por debaixo do PIB nominal.....	10
Os orzamentos escatiman en gasto social e investimentos.....	12
O lastre da débeda pública .....	17
O aforro corrente evolucionará de xeito desfavorable .....	19
Síntese .....	20
Conclusión .....	22



## *RESENTIRANSE O CRECEMENTO ECONÓMICO E A CREACIÓN DE EMPREGO*

As previsións do Goberno recollidas no cadro macroeconómico confirman que no 2017 se resentirá o crecemento: o produto interior bruto (PIB) medrará un 2,4%, sete décimas menos do previsto para 2016.

Ao analizar o crecemento do PIB galego previsto para 2017 desde a óptica do gasto, obsérvase unha achega menor da demanda interna (2,4 puntos fronte a 2,8 puntos no 2016) e unha contribución nula da demanda externa (fronte a 0,3 puntos no 2016). Na desagregación dos compoñentes da demanda interna reflíctese que tanto o consumo privado como o público se debilitarán no 2017 (medrarán seis e catro décimas menos, respectivamente, do previsto para 2016).

O Goberno anuncia que no segundo trimestre de 2017 alcanzaremos o nivel de PIB anterior á crise, pero aínda falta moito para recuperar os dereitos laborais e sociais perdidos.

A realidade é que en Galicia a actividade se recupera bastante máis devagar que na media estatal e que a converxencia coa media española se está resentindo. O PIB galego no 2015 (último ano completo dispoñible) quedou por debaixo do de 2008 e a economía galega perdeu peso no PIB estatal: pasa do 5,23% no 2008 ao 5,18% no 2015, o valor máis baixo desde o principio da crise.

No inicio da recuperación económica desempeñaron un papel fundamental os factores externos, a saber: a política monetaria expansiva do Banco Central Europeo (BCE), a depreciación do euro e a caída do prezo do petróleo. Porén, eses estímulos son transitorios e van esmorecendo. Polo tanto, a clave para lle dar solidez ao crecemento deberá asentarse nos factores internos.

Daquela, darlle pulo ao investimento público, reforzar os servizos públicos e os sistemas de protección social ou recuperar os salarios no emprego público serían factores clave para impulsar a demanda interna e logramos unha fase máis duradeira de crecemento vigoroso do PIB. Porén, a política orzamentaria non vai nesa dirección.

No 2017, o Goberno prevé que a variación dos prezos, medida a través do deflactor do PIB, se situará en Galicia no 1,2%, case un punto por riba da previsión para 2016. A variación do PIB nominal ou a prezos correntes (cun crecemento previsto para Galicia en 2017 do 3,6%) é un indicador moi útil na análise dos orzamentos porque aquelas partidas que crezan menos que o PIB nominal estarán perdendo peso en termos de PIB.

A debilitación do crecemento prevista para 2017 notarase tamén no mercado laboral. O Goberno prevé que o emprego (medido en postos de traballo equivalentes a tempo completo) aumente un 1,6% no 2017, tres décimas menos do que se prevía para 2016.

O emprego estase recuperando con máis forza na media estatal que na nosa comunidade autónoma: o ritmo anual de crecemento do emprego no terceiro trimestre de 2016 foi do 2,9% e do 2,2%, respectivamente. En comparación con hai oito anos, en Galicia aínda nos quedan por recuperar 194.155 postos de traballo equivalentes a tempo completo.

No 2017, a economía galega crecerá de xeito moi similar á española (unha décima máis) pero a creación de emprego seguirá por debaixo (+1,6% en Galicia fronte ao +2,2% na media estatal).

A taxa de paro (cociente entre a poboación parada e a poboación activa) manterase moi elevada, un 15,6%. A caída da taxa de paro (quedará 1,8 puntos por baixo da de 2016) asentará nun incremento do 1,6% do emprego (medido en postos de traballo equivalentes a tempo completo) pero tamén nun descenso da poboación activa. Isto implica que, outro ano máis, continuará baixando a participación no mercado laboral, e entre as causas pode estar a emigración e a retirada del de persoas desanimadas pola falta de oportunidades.

No mes de novembro de 2016 estaban inscritas nas oficinas do servizo público de emprego (SEPE) unhas 13.000 persoas paradas menos ca en novembro de 2009, tal e como apuntou o Goberno. Non obstante, a evolución do paro rexistrado foi moi diferente á do emprego, e demóstrao este dato: en novembro de 2016, a seguridade social tiña case 60.000 persoas afiliadas menos ca sete anos antes (-5,83%), o que evidencia que a perda de poboación activa ten un efecto significativo no descenso do desemprego.

**Cadro 1. CADRO MACROECONÓMICO. VARIACIÓN ANUAL EN %**

	2015	2016	2017
Gasto en consumo final	2,2	2,8	2,2
Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	2,3	2,9	2,3
Gastos en consumo final das AA. PP.	1,9	2,4	2,0
Formación bruta de capital	5,8	2,8	3,1
Achega demanda interna	2,8	2,8	2,4
Exportacións de bens e servizos	4,2	5,5	4,2
Importacións de bens e servizos	5,5	5,0	4,1
<b>Produto interior bruto (PIB)</b>	<b>2,1</b>	<b>3,1</b>	<b>2,4</b>
<b>Produto interior bruto nominal</b>	<b>2,3</b>	<b>3,4</b>	<b>3,6</b>
<b>Emprego (PTETC)</b>	<b>1,9</b>	<b>1,9</b>	<b>1,6</b>
<b>Taxa de paro</b>	<b>19,3</b>	<b>17,4</b>	<b>15,6</b>

Fonte: Elaboración propia sobre o proxecto de orzamentos

En resumo, o cadro macroeconómico reflicte que no ano 2017 se debilitarán o crecemento económico e a creación de emprego. Coa agravante de que a recuperación do emprego na comunidade vai máis lenta que na media estatal e que a creación de emprego prevista resultará ás claras insuficiente para revertir os gravísimos efectos da crise no mercado laboral.

Sen unha política que aproveite o cambio de ciclo para mellorar o modelo produtivo, crear emprego de calidade ou recuperar o gasto público destinado ás persoas e a capitalización do país previo á crise, a economía decrecerá.

### AGRAVARASE A INSUFICIENCIA DE INGRESOS NON FINANCEIROS

A previsión de ingresos para 2017 pode estar suxeita a variacións porque cando se fixo a estimación aínda non se coñecía o proxecto de orzamentos xerais do Estado.

Cadro 2. ORZAMENTO CONSOLIDADO DE INGRESOS (MILES DE €)

INGRESOS	2016	2017	VARIACIÓN %
I. Impostos directos	2.194.298	2.236.274	1,9 %
II. Impostos indirectos	3.242.799	3.226.456	-0,5 %
III. Taxas, prezos e outros ingresos	178.603	168.766	-5,5 %
IV. Transferencias correntes	2.392.676	2.483.303	3,8 %
V. Ingresos patrimoniais	16.060	8.928	-44,4 %
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>8.024.436</b>	<b>8.123.726</b>	<b>1,2 %</b>
VI. Alleamento de investimentos reais	13.000	7.070	-45,6 %
VII. Transferencias de capital	583.945	609.850	4,4 %
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>596.945</b>	<b>616.920</b>	<b>3,3 %</b>
<b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>	<b>8.621.380</b>	<b>8.740.647</b>	<b>1,4 %</b>
VIII. Activos financeiros	32.426	29.837	-8,0 %
IX. Pasivos financeiros	1.656.435	2.030.665	22,6 %
<b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	<b>1.688.861</b>	<b>2.060.501</b>	<b>22,0 %</b>
<b>TOTAL</b>	<b>10.310.241</b>	<b>10.801.148</b>	<b>4,8 %</b>

FONTE: Elaboración propia sobre o proxecto de orzamentos

Os ingresos por operacións non financeiras (o compoñente máis relevante para a análise) só aumentarán en 119 millóns de euros (+1,4%). Os ingresos por operacións correntes subirán en 99 millóns de euros (+1,2%) e os de operacións de capital farano nos restantes 20 millóns de euros (+3,3%).

A cifra de ingresos por operacións non financeiras que se manexa para o 2017 (8.740,6 millóns de euros) queda moi lonxe da de 2009. En comparación co dito exercicio, os ingresos non financeiros redúcense en 2.201 millóns de euros (-20,1 %).

O compoñente fundamental dos ingresos por operacións non financeiras son os ingresos por operacións correntes. Para 2017, prevese que a suba dos ingresos por operacións correntes quede moi por debaixo da de 2016: 99 millóns de euros (+1,2%) fronte aos 519 millóns (+6,9%) de 2016. No 2017, se temos en conta que

a taxa do deflactor do PIB se situará no 1,2%, os ingresos por operacións correntes non medrarían.

Os ingresos por operacións correntes perden peso no total dos ingresos: representaban o 77,8% no 2016 fronte ao 75,2% no 2017. En comparación co ano 2009, reduciranse en 1.919 millóns de euros (-19,1%) e nese ano o seu peso sobre o total dos ingresos supoñía o 85,2%.

Os ingresos procedentes do sistema de financiamento (entregas a conta e liquidacións) previstos para 2017 sumarán 78,9 millóns de euros máis en relación co 2016 (+1,2%) ata se situar en 6.815,2 millóns de euros. Esta suba é significativamente máis baixa que a prevista para 2016, cando se estimaba percibir 503 millóns de euros máis ca no 2015 (+8,1%).

**Cadro 3. RECURSOS DO SISTEMA DE FINANCIAMENTO (MILES DE €)**

INGRESOS	2016	2017	VARIACIÓN %
Imposto sobre a renda das persoas físicas	1.873.131	1.909.308	1,9 %
Imposto sobre o valor engadido	1.939.865	1.994.237	2,8 %
Impostos especiais	865.966	847.840	-2,1 %
Fondo de suficiencia global	565.998	540.075	-4,6 %
Fondo de Garantía Servizos Públicos Fundamentais	1.212.966	1.240.000	2,2 %
<b>ENTREGAS A CONTA</b>	<b>6.457.925</b>	<b>6.531.460</b>	<b>1,1 %</b>
Anualidade liquidación exercicio 2008	-18.900	-18.900	0,0 %
Anualidade liquidación exercicio 2009	-65.907	-65.907	0,0 %
Liquidación exercicio 2014/2015	363.197	368.640	1,5 %
<b>LIQUIDACIÓNS EXERCICIOS ANTERIORES</b>	<b>278.390</b>	<b>283.833</b>	<b>2,0 %</b>
<b>TOTAL RECURSOS SISTEMA DE FINANCIAMENTO</b>	<b>6.736.316</b>	<b>6.815.293</b>	<b>1,2 %</b>

FONTE: Elaboración propia sobre o proxecto de orzamentos

A distribución dos ingresos consolidados para 2017 (ver cadro 2) coloca a imposición indirecta, outro ano máis, como fonte que máis recada: achegará o 29,9% do total (31,5% no 2016).

Na desagregación dos ingresos correntes, as transferencias correntes aumentarán un 3,8% no 2017 (fronte ao 10,4% previsto para 2016) e a recadación dos impostos directos, un 1,9% (fronte ao 8,6% previsto para 2016). Pola contra, os ingresos procedentes do capítulo II (impostos indirectos), do III (taxas, prezos e outros ingresos) e do V (ingresos patrimoniais) diminuirán.

Nas transferencias correntes inclúense o Fondo Social Europeo cunha dotación orzamentaria de 61,8 millóns de euros (fronte a 61,2 millóns de euros no 2016, un incremento do 0,9%), a Iniciativa de Emprego Xuvenil (YEI) con 18,2 millóns de euros (a mesma cifra ca no 2016) e as subvencións finalistas recibidas do Estado que aumentan en 23,6 millóns de euros (un incremento similar ao do ano anterior: 23,3 millóns de euros).

No que atinxe ás subvencións finalistas, a transferencia destinada á atención de dependencia é a mesma que a prevista para 2016 (88,2 millóns de euros); tamén



para o Plan Estatal de Vivenda 2013-2016 (3,5 millóns de euros) e para o Plan Concertado para o desenvolvemento de prestacións básicas de servizos sociais de corporacións locais (2,3 millóns de euros). No ámbito laboral, para o bloque A «políticas activas de emprego» percibiranse 49,3 millóns de euros (10,3 millóns de euros máis ca o ano anterior, +26,6%); para o bloque B «formación», 72,7 millóns de euros (12,3 millóns máis, +20,5%); para o bloque C «modernización dos servizos públicos de emprego», 3,2 millóns de euros (case a mesma contía que no ano 2016; só se incrementará un 2,1%); e a partida recibida para «axudas ao traballo autónomo e o emprego, cooperativas e sociedades laborais» será de 1,7 millóns de euros no 2017 (apenas varía en relación co ano anterior, subirá un 1,6%).

As transferencias de capital (capítulo VII) medrarán un 4,4% en 2017 fronte ao 3,4% previsto para 2016. Dentro das transferencias de capital, os Fondos de Compensación Interterritorial só aumentan 1 millón de euros con respecto á previsión de 2016 ata quedar en 45,9 millóns; as subvencións finalistas alcanzarán os 35,2 millóns de euros no 2017 (1,5 millóns máis ca no 2016; +4,6%) e os fondos europeos achegarán 517,7 millóns de euros (21,8 millóns de euros máis, +4,4%).

Daquela, os recursos transferidos da Unión Europea (procedentes das transferencias correntes e de capital) soben uns 22 millóns de euros ata acadaren 597,8 millóns no 2017. Dentro destes, os ingresos procedentes do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) e do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP) suman 517,1 millóns de euros en 2017 (uns 21,4 millóns de euros máis ca no 2016).

**Cadro 4. TRANSFERENCIAS DO EXTERIOR (MILES DE €)**

CONCEPTOS	2016	2017	VARIACIÓN %
Fondo Social Europeo. Programa operativo	61.228	61.803	0,9%
Interreg III e outras iniciativas 2007-2013	0	74	0,0%
Iniciativas de emprego xuvenil. YEI	18.206	18.206	0,0%
Outras transferencias da Unión Europea	139	92	-33,6%
<b>CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES</b>	<b>79.573</b>	<b>80.175</b>	<b>0,76%</b>
FEDER Programa operativo	199.968	205.946	3,0%
Interreg III e outras iniciativas 2007-2013	0	51	0,0%
FEAGA/FEADER/FEAGA	244.320	248.415	1,7%
IFOP/FEP	51.440	62.768	22,0%
Outras transferencias da Unión Europea	171	536	214,3%
<b>CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL</b>	<b>495.899</b>	<b>517.716</b>	<b>4,40%</b>
<b>TOTAL</b>	<b>575.472</b>	<b>597.891</b>	<b>3,90%</b>

FONTE: Elaboración propia sobre o proxecto de orzamentos

Os ingresos por operacións financeiras corresponden mormente aos pasivos financeiros, que son a emisión de débeda ou os préstamos que a Xunta ten que pedir para financiar o gasto, debido á insuficiencia de ingresos non financeiros.

O capítulo IX (préstamos recibidos e emisión de débeda) alcanzará 2.030,6 millóns de euros no 2017 (374,2 millóns máis ca no 2016; +22,6%) e equivalen ao 18,8% do total de ingresos (fronte ao 16,1% no 2016).

O obxectivo de estabilidade orzamentaria que se manexa nos orzamentos de 2017 é do 0,5% do PIB. Porén, o pasado 1 de decembro, no Consello de Política Fiscal e Financeira acordouse aumentalo ata o 0,6% do PIB. Daquela, con esa modificación aínda quedaría marxe para esgotar o teito de gasto.

Visto o escenario de ingresos, é fundamental impulsar actuacións para reforzar os ingresos non financeiros a medio e longo prazo, apuntalando cun adecuado financiamento público a sustentabilidade e a calidade das políticas de gasto que presta a Xunta. A recuperación económica pode contribuír a esta tarefa, pero non cabe fiar todos os esforzos a ela, nin tampouco ás transferencias do Estado nin, moito menos, profundar en rebaixas fiscais irresponsables que actúen en sentido contrario, drenando o efecto da recuperación das bases impositivas e levando á cronicidade a escaseza de recursos xerada pola crise.

#### ***O GASTO NON FINANCEIRO MEDRARÁ POR DEBAIXO DO PIB NOMINAL***

O gasto non financeiro consolidado para 2017 será de 9.045,3 millóns de euros; en relación co 2016 son uns 241 millóns de euros máis (+2,7%). O Goberno xáctase de que, por segundo ano consecutivo, presenta uns orzamentos expansivos; non obstante, sobran as interpretacións autocompracentes porque a este ritmo aínda queda moito camiño para compensar o recorte acumulado desde 2010. Os números falan en por si: no ano 2009 cifrábase o gasto non financeiro en 11.426,4 millóns de euros, é dicir, 2.381 millóns de euros máis dos que se manexarán en 2017.

O orzamento para 2017 medra, si, pero os incrementos son máis raquíuticos ca os do ano anterior, tanto en cifras absolutas como relativas. O gasto non financeiro aumentará en 241 millóns de euros (+2,7%), mentres que o incremento previsto para 2016 foi de 365 millóns de euros (+4,3%). No ano 2016 o significativo incremento no gasto non financeiro respondeu ao forte carácter electoralistas das contas públicas, pero no 2017 recupérase a senda restritiva de anos anteriores.

O gasto non financeiro aumenta por debaixo do PIB nominal (+2,7% fronte ao +3,6%, respectivamente), polo que non pode considerarse un orzamento expansivo.

Nos gastos por operacións non financeiras inclúense os gastos por operacións correntes e os gastos por operacións de capital. Os gastos por operacións correntes están formados por catro capítulos: gastos de persoal, gastos en bens correntes e servizos, gastos financeiros e transferencias correntes. Os gastos por operacións de capital inclúen os investimentos reais e as transferencias de capital.

**Cadro 5. ORZAMENTO CONSOLIDADO DE GASTOS (MILES DE €)**

GASTOS	2016	2017	VARIACIÓN %
I. Gastos de persoal	3.566.897	3.614.832	1,3 %
II. Gastos en bens correntes e servizos	1.482.595	1.570.653	5,9 %
III. Gastos financeiros	270.997	234.748	-13,4 %
IV. Transferencias correntes	2.014.527	2.117.268	5,1 %
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>7.335.016</b>	<b>7.537.500</b>	<b>2,8 %</b>
V. Fondo de continxencia	52.038	36.169	-30,5 %
VI. Investimentos reais	777.709	805.565	3,6 %
VII. Transferencias de capital	639.680	666.078	4,1 %
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>1.417.388</b>	<b>1.471.643</b>	<b>3,8 %</b>
<b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>	<b>8.804.443</b>	<b>9.045.313</b>	<b>2,7 %</b>
VIII. Activos financeiros	152.957	147.656	-3,5 %
IX. Pasivos financeiros	1.352.841	1.608.179	18,9 %
<b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	<b>1.505.799</b>	<b>1.755.835</b>	<b>16,6 %</b>
<b>TOTAL</b>	<b>10.310.241</b>	<b>10.801.148</b>	<b>4,8 %</b>

FONTE: Elaboración propia sobre o proxecto de orzamentos

Os orzamentos reflicten que os empregados e empregadas públicas recuperarán algún dos dereitos que lles suprimiron, como o complemento específico nas pagas extras. As condicións retributivas deste persoal haberá que adaptalas ao que se estableza na normativa básica do Estado. Non obstante, no caso de subiren as retribucións o 1% (esa é a hipótese recollida na presentación dos orzamentos) e de cumprírense as previsións de inflación do Goberno (1,3% de media no estado), o persoal ao servizo do sector público seguirá perdendo poder adquisitivo outro ano máis.

Segundo o orzamento consolidado de gastos, o capítulo I de gastos de persoal ascenderá a 3.614,8 millóns de euros en 2017 (uns 48 millóns de euros máis ca o orzado en 2016, o +1,3%). O Goberno anunciou que a suba salarial no emprego público suporá uns 185 millóns de euros, pero o proxecto de orzamentos só recolle un incremento de 48 millóns de euros para o capítulo I (gastos de persoal).

Tamén quedaría no aire a recuperación real de efectivos, elemento clave para garantir a continuidade e a calidade na prestación dos servizos. Os límites e requisitos da taxa de reposición tamén dependerán do que se estableza na normativa básica.

No sector público había 185.600 persoas asalariadas no terceiro trimestre de 2016; son 18.000 menos ca no mesmo trimestre de 2010 (-8,8%). Fixar un máximo na taxa de reposición non axuda a recuperar emprego nin calidade nos servizos prestados á cidadanía.

O capítulo I (gastos de persoal) representaba o 34,6% sobre o total do orzamento consolidado de gastos no ano 2016; esa porcentaxe baixará ata o 33,5% no 2017. O incremento do 1,3% que experimentará este capítulo é inferior ao do gasto total por operacións non financeiras (+2,7%), mentres que o capítulo II (gastos en bens

correntes e servizos) e o capítulo IV (transferencias correntes) aumentarán en maior proporción ca o gasto total por operacións non financeiras.

Dentro dos gastos por operacións non financeiras, o capítulo que máis sobe en proporción é, precisamente, o de gastos en bens correntes e servizos: 88 millóns de euros (+5,9%). As transferencias correntes aumentarán en 102,7 millóns de euros en relación co previsto para 2016 (+5,1%).

O investimento previsto para 2017 (capítulos VI e VII de investimentos reais e transferencias de capital, respectivamente) é de 1.471,6 millóns de euros; 54 millóns máis ca no 2016 (+3,8%). Pero o investimento xa viña sendo moi castigado estes anos atrás; de feito, en comparación co 2009 reducírase case un 48 %. Cómpre incentivar o investimento público para estimular a actividade e xerar empregos de calidade e con futuro.

No ano 2009, os recursos destinados á capitalización do país equivalían ao 24,5% dos gastos non financeiros; oito anos despois, esa porcentaxe baixará ata o 16,3%. O investimento é unha panca fundamental para o progreso económico e social dun país; renunciar a el lastra gravemente as nosas capacidades competitivas no económico e de proporcionar benestar á cidadanía galega.

Os gastos por operacións financeiras están formados por dous capítulos: activos financeiros e pasivos financeiros. O groso destes gastos corresponde ao capítulo IX de pasivos financeiros (ligados á amortización de débeda e devolución de préstamos), que ascenderá a 1.608,2 millóns de euros; son 255 millóns de euros máis ca no 2016 (+18,9%).

No total do orzamento consolidado de gastos, os gastos por operacións financeiras aumentaron o seu peso do 14,6% no 2016 ao 16,3% no 2017. Pola contra, os gastos por operacións non financeiras seguen a tendencia contraria.

### **OS ORZAMENTOS ESCATIMAN EN GASTO SOCIAL E INVESTIMENTO**

Na distribución por funcións, o gasto social resultou moi prexudicado desde a chegada do PP ao Goberno da Xunta. En 2017, á sanidade destínanse 100 millóns de euros máis e á educación 61 máis, pero ambas perden peso no total do orzamento consolidado de gastos. Así pois, a sanidade percibirá o 33,4% do orzamento total (fronte ao 34,1% no 2016) e a educación o 20,5% (fronte ao 20,8% no 2016).

Os recursos destinados a sanidade e a educación aumentan por baixo do crecemento previsto para o PIB nominal (+3,6%), polo tanto, ambas as políticas seguirán perdendo peso no PIB.

Dentro da política de sanidade, ao Servizo Galego de Saúde destinaranse 3.518,3 millóns de euros, un 3% máis do que se prevía para 2016. Por capítulos, o incremento do capítulo I (gastos de persoal) será inferior á previsión de inflación pois só medrará un 1%, e os capítulos VI (investimentos reais) e VII (transferencias de capital) diminuirán. O único capítulo que medra moi por riba da media é o II (gastos en bens correntes e servizos): un +8,7%.

Aínda que as políticas de sanidade soben en cifras absolutas, acumulan dende 2009 unha perda de máis de 155 millóns de euros (-4%). Por iso, hai que proseguir cos esforzos para recuperar e garantir o nivel e a calidade das prestacións. Outro tanto sucede no ensino, pois os recursos que se lle destinan baixaron uns 195 millóns de euros no dito período (-8%). O investimento en educación senta os alicerces para o progreso económico e social dun país.

A dotación orzamentaria para a política de promoción do emprego e institucións do mercado de traballo subirá un 15,3% (32 millóns de euros máis do previsto en 2016). Porén, en comparación co ano 2009 redúcese un 43% (en 179 millóns), malia que segue habendo máis poboación parada estimada pola EPA (45.600 persoas paradas máis ca no terceiro trimestre de 2009) e menos emprego (98.300 persoas ocupadas menos ca no terceiro trimestre de 2009).

No ano 2017, os recursos destinados ás políticas de emprego terán un peso do 2,2% no total do orzamento consolidado, cando no 2009 esa porcentaxe se situaba no 3,6%. O orzamento previsto é absolutamente insuficiente para resolver os graves desequilibrios do mercado laboral.

O incremento da dotación para política de emprego apreciarase, fundamentalmente, no programa de formación de ocupados (4,8 millóns de euros máis que en 2016: +73,68%); no programa de promoción do emprego, do emprego autónomo e do mercado de traballo inclusivo (32,3 millóns de euros máis; +71,64%) e no programa de formación profesional de desempregados (5,4 millóns de euros máis; +7,16%). Pero recórtase bastante a asignación para o programa de mellora e fomento da empregabilidade (10 millóns de euros menos que no ano anterior; -18,94%) e non se lle dá pulo á promoción da economía social, pois a dotación para este programa é practicamente a mesma que a de 2016 (5,4 millóns de euros para 2017; un 0,14% máis que no ano anterior).

Seguimos botando en falta un programa destinado á «mediación e inserción laboral». En Galicia urxe un sistema de orientación profesional articulado, estable e de calidade, que guíe a correcta integración laboral e a actualización de perfís. Para garantir desde o público a igualdade de oportunidades no acceso ao emprego, cómpre unha mediación laboral eficiente entre as persoas demandantes e as oferentes.

Outra cuestión salientable que debería incluírse nos orzamentos é a aposta clara por reforzar o principio de causalidade na contratación, esnaquizado pola inxusta reforma laboral. Nese senso, o Servizo Público de Emprego debe desprezar toda a súa capacidade e comprometerse, xunto coa Inspección de Traballo e Seguridade Social, a revisar as copias básicas dos contratos realizados en Galicia para eliminar de oficio a fraude na contratación e o abuso constante que sofre a clase traballadora.

A situación de precariedade laboral e abuso empresarial promovido polas reformas laborais está xerando un aumento da sinistralidade laboral e unha deterioración da saúde da poboación traballadora. Por iso, é incomprendible que se lle escatimen recursos ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA): contará cuns 6 millóns de euros en 2017 (un 6,1% máis que no 2016) cando en 2011 dispoñía duns 7,4 millóns e en 2009 duns 10,7 millóns. Tamén se lles escatiman recursos ao resto de actuacións dirixidas a mellorar a saúde e a seguridade no traballo; por exemplo, as axudas en materia de prevención de riscos laborais que se lles transfiren ás institucións sen fins de lucro alcanzarán o mesmo importe que no ano 2016: 1,5 millóns de euros.

Para acción social e promoción social asígnanse 26,7 millóns de euros máis ca no 2016 (+4,2%): pásase de 642,6 millóns de euros en 2016 a 669,3 en 2017. Non é un incremento significativo porque queda por baixo da media do total do orzamento (+4,8%) e o peso desa política no total do orzamento mantense no 6,2%.

Dentro dese apartado, para o programa de atención á dependencia a dotación será de 338 millóns de euros; 14 millóns máis en relación cos previstos para 2016. En cifras relativas, o incremento sería de arredor do 4,3%, e tamén quedaría por baixo do aumento total do orzamento (4,8%). Se a isto lle engadimos que o número de persoas beneficiarias recoñecidas e non atendidas polo sistema de atención á dependencia era de 17.613 ata o 30 de novembro de 2016, é fácil determinar que o pulo a este pretendido cuarto alicerce do estado de benestar é ben frouxo.

A dotación orzamentaria para o programa de autonomía persoal e prevención da dependencia para persoas con discapacidade e as persoas maiores será de 27,9 millóns de euros, 372.000 euros menos ca o orzado para 2016 (-1,32%). Dentro deste programa, ao servizo galego de apoio á mobilidade persoal asígnanselle 4,6 millóns de euros para 2017 (fronte a 5,1 en 2016).

Tamén se prevé a baixada na dotación para o programa de protección e inserción en 1,6 millóns de euros (-2,10%). Nel inclúense axudas para gastos farmacéuticos que xestionarán as corporacións locais por importe de 1,5 millóns de euros; á RISGA destínanse 57,4 millóns de euros (4,7 millóns de euros máis ca no 2016); para o plan social contra a desigualdade económica, 3,2 millóns de euros (fronte aos 10 millóns consignados para 2016), e o fondo extraordinario para perceptores de subsidios e pensións non contributivas contará cunha dotación orzamentaria de

8,2 millóns de euros (fronte aos 9,5 de 2016). Tendo en conta que hai 34.800 fogares que non perciben ningún tipo de ingreso (son 15.100 fogares máis ca hai sete anos; +76,6 %) e os inaceptables niveis de pobreza e de desigualdade social, esas dotacións non aliviarán demasiado as situacións extremas.

Dentro da área de produción de bens públicos de carácter económico, a política máis relevante cuantitativamente é a de infraestruturas, á que se asignan 284,5 millóns de euros para 2017. Para infraestruturas destinaranse só 8 millóns de euros máis dos previstos para 2016; expresado en cifras relativas, a suba quedará por debaixo do incremento do PIB nominal (+2,9% fronte ao +3,6%). O peso desta política no total do orzamento baixará do 2,7% no 2016 ao 2,6% no 2017. A dotación orzamentaria para infraestruturas no ano 2009 supoñía o dobre da prevista para 2017 e tiña un peso de arredor do 5% no total do orzamento.

En cifras absolutas, sobe o orzamento para investigación, desenvolvemento e innovación (4,7 millóns de euros máis; +3,6%) pero o seu peso sobre o total do orzamento non varía en relación co ano 2016, mantense no 1,3%. No ano 2009, a esta política asignábenselle 142,9 millóns de euros e a dotación prevista para 2017 baixará ata os 135,4 millóns. Á sociedade da información e do coñecemento destínanse 99,3 millóns de euros en 2017 (2,9 millóns máis ca no 2016; +3,0%), pero o seu peso sobre o total do orzamento tampouco variará: 0,9%.

En comparación co ano 2016, os recursos para a política dos sectores produtivos e desenvolvemento empresarial soben en 28,9 millóns de euros (+4,5%) pero o seu peso no total do orzamento mantense no 6,2%. O sector do comercio conta con 3,4 millóns de euros máis (+25,8 %), o da pesca con 11,1 millóns máis (+13,5 %) e o do turismo con 2,4 millóns de euros máis (+5,4%). Pola contra, á industria, enerxía e minaría asignásenlle 5,7 millóns de euros menos (-9,1%) e a dotación para a dinamización económica do medio rural só subirá un 1,7 % (5,6 millóns de euros máis).

Para a área de regulación económica de sectores produtivos e desenvolvemento empresarial, o orzamento superaba no 2009 os 962 millóns de euros; en 2017 manexaranse 672 millóns de euros. É dicir, desde entón recortáronse uns 290 millóns que supoñen arredor dun terzo do que se orzaba daquela.

Nestes orzamentos falta unha aposta clara pola industria galega. Urxe un cambio de modelo produtivo impulsado desde unha política industrial que aposte polo I+D+i para gañar en competitividade e eficiencia; este proceso debe ir acompañado dunha mellora das nosas potencialidades.

Desde CCOO entendemos que estes orzamentos deixan escapar outra oportunidade de impulsar a industria como sector tractor da economía para xerar empregos estables e de calidade.

## Cadro 6. ORZAMENTO CONSOLIDADO DE GASTOS (MILES DE €). DISTRIBUCIÓN FUNCIONAL

GRUPOS DE FUNCIONS	2016	VALOR RELATIVO	2017	VALOR RELATIVO	VARIACIÓN % 2017/2016
<b>ACTUACIÓN DE CARÁCTER XERAL</b>	<b>262.329</b>	<b>2,5</b>	<b>265.387</b>	<b>2,5</b>	<b>1,2</b>
Alta dirección	35.594	0,3	36.266	0,3	1,9
Administración xeral	68.110	0,7	68.514	0,6	0,6
Xustiza	128.244	1,2	134.576	1,2	4,9
Administración local	15.629	0,2	13.266	0,1	-15,1
Normalización lingüística	6.757	0,1	6.819	0,1	0,9
Procesos electorais e órganos de representación política	7.995	0,1	5.945	0,1	-25,6
<b>PROTECCIÓN CIVIL E SEGURIDADE</b>	<b>24.016</b>	<b>0,2</b>	<b>25.543</b>	<b>0,2</b>	<b>6,4</b>
Protección civil e seguridade	24.016	0,2	25.543	0,2	6,4
<b>PROTECCIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL</b>	<b>856.696</b>	<b>8,3</b>	<b>915.773</b>	<b>8,5</b>	<b>6,9</b>
Acción social e promoción social	642.603	6,2	669.332	6,2	4,2
Promoción do emprego	209.901	2,0	241.929	2,2	15,3
Cooperación exterior	4.191	—	4.513	—	7,7
<b>PRODUC. DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER SOCIAL</b>	<b>5.893.130</b>	<b>57,2</b>	<b>6.063.918</b>	<b>56,1</b>	<b>2,9</b>
Sanidade	3.511.531	34,1	3.611.492	33,4	2,8
Educación	2.148.156	20,8	2.209.446	20,5	2,9
Cultura	62.162	0,6	64.057	0,6	3,0
Deportes	19.611	0,2	19.219	0,2	-2,0
Vivenda	51.353	0,5	57.646	0,5	12,3
Outros servizos comunitarios	100.317	1,0	102.059	0,9	1,7
<b>PRODUC. BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER ECONÓMICO</b>	<b>828.379</b>	<b>8,0</b>	<b>830.894</b>	<b>7,7</b>	<b>0,3</b>
Infraestruturas	276.618	2,7	284.528	2,6	2,9
Ordenación do territorio	15.595	0,2	16.937	0,2	8,6
Promoción do solo	50.568	0,5	31.425	0,3	-37,9
Actuacións ambientais	119.329	1,2	121.356	1,1	1,7
Actuacións medio rural	135.100	1,3	137.650	1,3	1,9
I+D+i	130.676	1,3	135.368	1,3	3,6
Sociedade da información	96.400	0,9	99.273	0,9	3,0
Información estatística	4.093	—	4.356	—	6,4
<b>REGUL. ECONÓMICA DE CARÁCTER XERAL</b>	<b>83.585</b>	<b>0,8</b>	<b>80.492</b>	<b>0,7</b>	<b>-3,7</b>
Actuacións económicas xerais	29.160	0,3	30.913	0,3	6,0
Actividades financeiras	54.425	0,5	49.579	0,5	-8,9
<b>REG. ECONÓMICA SECTORES PRODUTIVOS</b>	<b>643.281</b>	<b>6,2</b>	<b>672.227</b>	<b>6,2</b>	<b>4,5</b>
Dinamización rural	334.054	3,2	339.639	3,1	1,7
Pesca	82.389	0,8	93.514	0,9	13,5
Industria, enerxía e minaría	62.918	0,6	57.195	0,5	-9,1
Desenvolvemento empresarial	106.748	1,0	118.925	1,1	11,4
Comercio	13.142	0,1	16.535	0,2	25,8
Turismo	44.029	0,4	46.420	0,4	5,4
<b>TRANSFERENCIAS ENTIDADES LOCAIS</b>	<b>120.626</b>	<b>1,2</b>	<b>124.650</b>	<b>1,2</b>	<b>3,3</b>
Transf. entidades locais	120.626	1,2	124.650	1,2	3,3
<b>DÉBEDA PÚBLICA</b>	<b>1.598.200</b>	<b>15,5</b>	<b>1.822.264</b>	<b>16,9</b>	<b>14,0</b>
Débeda pública	1.598.200	15,5	1.822.264	16,9	14,0
<b>TOTAL</b>	<b>10.310.241</b>	<b>100,00</b>	<b>10.801.148</b>	<b>100,00</b>	<b>4,8</b>

FONTE: Elaboración propia sobre o proxecto de orzamentos



## O LASTRE DA DÉBEDA PÚBLICA

A débeda pública de Galicia ata o terceiro trimestre de 2016 alcanzaba 10.624 millóns de euros, que supoñían o 18,7% do PIB (esa porcentaxe sobe ata o 24,6% no conxunto do Estado), e sitúanos como sexta comunidade autónoma con menor porcentaxe, por detrás de Madrid, o País Vasco, Canarias, A Rioxa e Asturias.

Aínda que o seu peso no PIB é inferior á media das comunidades autónomas, é preocupante o ritmo co que aumenta a débeda a partir do ano 2009.

En 2008, a débeda era de 3.563 millóns de euros (representaba o 6,1% do PIB); desde aquela, aumentou en 7.061 millóns, é dicir, o incremento aproxímase ao 200% en só oito anos.

Segundo as estimacións reflectidas no proxecto de orzamentos, a débeda pública chegará a 11.229 millóns de euros en 2017; serían 379 millóns máis dos previstos para finais de 2016 (+3,5%). E o cociente débeda/PIB sería do 18,8% no 2017 (18,8% no 2016).

O problema de recorrer ao endebedamento é o custo en que deriva e que ha sopor-tar o orzamento da Xunta de Galicia, agora e no futuro. A suma das amortizacións e os gastos financeiros dan como resultado o custo do servizo da débeda en cada exercicio.

Ata o ano 2009, incluído, o servizo da débeda da Xunta de Galicia era relativamente baixo, 393 millóns de euros nese ano. Resultaba perfectamente asumible pois equivalía a pouco máis do 3% do total do orzamento. Pero a situación mudou moito porque nos orzamentos para 2017 esa dotación xa ascende a 1.822,3 millóns de euros e absorberá o 16,9% do total do orzamento.

En comparación co ano 2016, a asignación destinada ao servizo da débeda aumentará en 224 millóns de euros (+14,0%) e o seu peso sobre o total do orzamento pasará do 15,5% no 2016 ao citado 16,9% no 2017.

O orzamento previsto para 2017 é inferior ao de 2009; pero nese período, o gasto destinado á débeda pública aumentou en 1.429 millóns de euros (+363,6%). A combinación de menos recursos dispoñibles e máis carga da débeda —e dado que existe un límite ao novo endebedamento— redundou nun prexuízo para o gasto social e o investimento.

Desde hai uns anos, a Xunta de Galicia recorre aos contratos de colaboración público-privada e concesión de obra pública. Utilizando esta fórmula asináronse seis

grandes contratos, a maioría para a construción de estradas e un para a construción dun hospital.

O investimento de adxudicación dos proxectos suma 851,7 millóns de euros; o máis elevado foi o do Hospital de Vigo cun importe de 315,2 millóns de euros, seguido da Autovía da Costa da Morte con 199,4 millóns de euros e a Autovía Santiago-Brión con 103,3 millóns. Pero a Xunta de Galicia ten uns compromisos de pagamentos anuais derivados das colaboracións público-privadas que superan en moito esa cifra. En concreto, ten comprometidos 2.857 millóns de euros ata o ano 2040, cantidade que triplica a do investimento. Esa pesada lousa sobre as contas públicas terán que soportala os gobernos das dúas próximas décadas.

**Cadro 7. CONTRATOS CONCERTADOS COLABORACIÓN PÚBLICO-PRIVADA  
E CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA (MILES DE €)**

PROXECTOS	ADMINISTRACIÓN XERAL					SERGAS		
	AG-56 Stgo-Brión-As Galanas (N-550)-Pardiñas (AG-56)	Vía rápida VRG-4.1 O Sainés	Vía rápida do Barbanza. VRG-1.1	A52-Fronteira portuguesa. VAC A-52 Celanova	Autovía Costa da Morte	Conc. obra púb. novo Hospital de Vigo	Contrato Alta Tecnoloxía	
Importe invest. adxudicación	103.340	43.960	93.830	95.920	199.413	315.228		
COMPROMISOS DE PAGOS ANUAIS								
ANO	Investimento	Investimento	Investimento	Investimento	Investimento	Canons	Investimento	Canons
2017	11.337	5.056	11.989	8.918	22.531	23.843	41.936	9.325
2018	11.761	5.319	12.598	9.263	23.094	23.910	41.862	9.758
2019	12.238	5.589	13.231	9.622	23.672	26.264	39.273	9.668
2020	12.735	5.891	11.169	10.022	24.264	26.347	39.181	9.668
2021	13.278	6.168	10.824	10.339	24.870	28.124	37.227	9.901
2022	13.771	6.467	11.366	10.609	25.492	27.652	37.746	10.125
2023	14.324	6.785	11.952	10.876	26.129	27.740	37.650	8.675
2024	14.900	7.130	12.557	11.170	26.782	27.828	37.553	
2025	15.543	7.456	13.183	11.375	27.452	26.563	38.945	
2026	16.126	7.747	13.855	12.068	28.138	26.650	38.848	
2027	16.777	8.045	14.551	12.302	28.842	31.230	33.811	
2028	17.452	8.383	15.299	12.443	29.563	31.333	33.697	
2029	18.206	8.683	16.072	12.386	30.302	29.235	36.005	
2030	18.885	9.025	16.899	12.453	31.059	29.332	35.898	
2031	19.643	9.375	17.756	12.644	31.836	29.429	35.792	
2032	20.430	9.760	18.638	12.865	32.632	29.526	35.684	
2033	21.313	10.110	19.584	6.328	33.448	24.596	41.108	
2034	21.959	10.497	20.560	6.423	34.284	23.582	42.223	
2035	15.987	7.708	21.600	6.515	35.141	17.309	30.884	
2036			8.213	6.627	36.019			
2037				6.702	36.920			
2038				7.067	10.368			
2039				7.166				
2040				2.130				

FONTE: Elaboración propia sobre o proxecto de orzamentos

## O AFORRO CORRENTE EVOLUCIONARÁ DE XEITO DESFAVORABLE

O aforro por operacións correntes (diferenza entre ingresos e gastos correntes) previsto para o ano 2017 será un 15% inferior ao estimado en 2016 (103 millóns de euros menos).

Para o ano 2016, o aforro previsto por operacións correntes alcanzaba os 689,3 millóns de euros e cubría o 49% dos gastos de capital (investimentos reais e transferencias de capital). Porén, no 2017 ese aforro baixará ata 586,2 millóns de euros e só permitirá financiar o 40% do investimento.

O gasto de capital, recollido nos capítulos VI «investimentos reais» e VII «transferencias de capital», ascenderá a 1.471,6 millóns de euros no 2017, son 54 millóns de euros máis ca no 2016 (+3,8%). Pola súa parte, os ingresos de capital medrarán un 3,3% ata se situar nos 616,9 millóns de euros.

O saldo das operacións de capital (diferenza entre ingresos e gastos de capital) será negativo en 854,7 millóns de euros no 2017 (un 4,2% máis que no 2016) e financiarase co aforro por operacións correntes (586,2 millóns de euros) xunto co fondo de continxencia (36,2 millóns de euros no 2017). Daquela, a necesidade de financiamento será de 304,6 millóns de euros no 2017 (fronte aos 183,1 millóns no ano anterior).

Cadro 8. A CONTA FINANCEIRA (EN MILES DE €)

	2016	2017	Variación en %
<b>1. OPERACIÓNS CORRENTES</b>			
Ingresos	8.024.436	8.123.726	1,2%
Gastos	7.335.116	7.537.500	2,8%
Aforro	689.320	586.226	-15,0%
<b>2. OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>			
Ingresos	596.945	616.920	3,3%
Gastos	1.417.288	1.471.643	3,8%
Formación de capital	820.344	854.723	4,2%
Fondo de continxencia	52.038	36.169	-30,5%
Necesidade de financiamento	-183.062	-304.666	66,4%
<b>3. OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>			
Atencións	1.505.799	1.755.835	16,6%
Recursos	1.688.861	2.060.501	22,0%
Necesidade de financiamento	-183.062	-304.666	66,4%
<b>4. ENDEBEDAMENTO NETO</b>			
Endebedamento bruto	1.656.435	2.030.665	22,6%
Amortizacións	-1.352.841	-1.608.179	18,9%
Endebedamento neto	303.594	422.486	39,2%

FONTE: Elaboración propia sobre o proxecto de orzamentos

Tendo en conta os axustes da contabilidade nacional, a necesidade de financiamento, que é como se mide o obxectivo de estabilidade orzamentaria, sitúase en

298 millóns de euros no 2017 (174 millóns no 2016), que representan o 0,5% do PIB galego. Porén, o pasado mes de decembro, no Consello de Política Fiscal e Financeira acordouse aumentar o obxectivo de estabilidade orzamentaria ata o 0,6% do PIB. Daquela, con esa modificación aínda quedaría marxe para esgotar o teito de gasto (disponse duns 60 millóns de euros adicionais).

## SÍNTESE

— O Goberno vende que os orzamentos para 2017 permitirán reforzar «unha recuperación económica completa» e que son os do «crecemento san». Afirmacións que caen polo seu peso porque as súas propias previsións confirman que no 2017 se desacelerarán a economía e mais a creación de emprego.

Manterémonos por detrás da media española en creación de emprego. A economía galega crecerá de xeito moi similar á española pero a creación de emprego (medida en postos de traballo equivalentes a tempo completo) seguirá moi por debaixo (+1,6% en Galicia fronte ao +2,2% na media estatal). Na nosa comunidade aínda nos quedan por recuperar máis de 194.000 postos de traballo equivalentes a tempo completo para situarnos nos niveis de emprego de hai oito anos; polo tanto, a creación prevista para o próximo ano (uns 20.000 postos de traballo) resultará ás claras insuficiente para revertir os gravísimos efectos da crise no mercado laboral.

A taxa de paro seguirá sendo moi elevada, un 15,6%, cando no 2008 estaba no 8,6%. E, outro ano máis, a caída da taxa de paro (quedarán 1,8 puntos por baixo da de 2016) seguirá condicionada pola perda de poboación activa.

A participación da poboación asalariada na distribución da renda diminuíu a favor dos excedentes de explotación; a recuperación do emprego vai da man dunha elevada precariedade; a poboación activa non deixa de caer e aínda falta moito para recuperar os dereitos laborais e sociais de antes da crise. Iso é «crecemento san»?

— A suba dos ingresos por operacións non financeiras prevista para 2017 é máis raquítica que a estimada para 2016 (+1,4% fronte a +6,7%). En termos correntes, apenas medrarán porque a variación de prezos, medida co deflactor implícito do PIB, estímase que sexa do +1,2%.

A cifra de ingresos non financeiros que se manexa para 2017 queda moi lonxe da de 2009: 2.200 millóns de euros menos (-20%). Ante o límite ao endebedamento, o Goberno, no canto de paliar a escaseza de recursos cunha política fiscal máis equitativa aproveitando as súas competencias tributarias, escolle a saída máis doada e reduce fortemente o gasto público, en detrimento do benestar da cidadanía e a capitalización do país.

Malia a escaseza de ingresos, o Goberno da Xunta, na mesma liña do estatal, segue apostando polas rebaixas fiscais (entre elas, as que afectan ao IRPF ou ao imposto sobre sucesións e doazóns). Para o ano 2017 estímase que se deixarán de percibir 391 millóns de euros polos beneficios fiscais; son 27 millóns de euros máis do que se deixou de recadar no 2016.

En CCOO consideramos que os beneficios fiscais deben ser avaliados, tanto cuantitativa como cualitativamente, porque na actual conxuntura requírese recadar máis —seguindo o principio de equidade e redistribución fiscal— para dispoñer de máis recursos e destinalos a reforzar o gasto social e o investimento.

— O gasto por operacións non financeiras previsto para 2017 medrará por debaixo do PIB nominal (+2,7% fronte ao +3,6%, respectivamente) e o seu peso no total do orzamento diminúe ata o 83,7% (fronte ao 85,4% que supoñía en 2016). Daquela, non pode cualificarse de expansivo.

En 2017, o gasto por operacións non financeiras será de 9.045,3 millóns de euros; en relación co 2016 son só uns 241 millóns de euros máis. A este ritmo aínda queda moito para compensar o recorte que se acumula desde que chegou o PP á Xunta (no 2009 dispoñíase de 2.381 millóns de euros máis de gasto non financeiro).

— O previsible incremento salarial dos empregados e empregadas públicas virá marcado polo que se estableza na normativa básica estatal. Non obstante, no caso de subiren as retribucións un 1% e de cumprírense as previsións de inflación do Goberno, o persoal ao servizo do sector público seguirá perdendo poder adquisitivo outro ano máis.

O proxecto de orzamentos reflicte un incremento de 48 millóns de euros para o capítulo I (gastos de persoal). Queda no aire saber como van cadrar eses 185 millóns de euros que, segundo o Goberno, suporá a suba salarial deste colectivo.

Desde CCOO consideramos que a probable suba salarial ou a recuperación dalgún dos dereitos que lles suprimiron (como o complemento específico nas pagas extras) non abonda para compensar a perda de poder adquisitivo que vén arrastrando o persoal do sector público, nin para saldar as débedas coa cidadanía porque os recortes (entre eles, a perda de efectivos) teñen consecuencias na calidade dos servizos públicos.

— O gasto social non é excesivo, como nos queren facer crer, e segue quedando moi por debaixo das cifras anteriores á crise. En todo caso, o problema das contas públicas está na escaseza de ingresos para financialo. No 2017, o orzamento consolidado de gastos medra un 4,8% en relación co previsto para 2016. Porén, unha boa parte das políticas de gasto social máis relevante farano por baixo desa por-

centaxe. É o caso da sanidade (+2,8%), a educación (+2,9%) ou os créditos destinados ás funcións de acción social e promoción social (+4,2%).

Os recursos destinados á promoción do emprego e institucións do mercado de traballo medrarán un 15,3% en relación con 2016 (32 millóns de euros máis) pero o seu peso no total do orzamento será só do 2,2%, dúas décimas máis que no 2016 (no 2009, asignábaselle máis do 3,5% do total do orzamento).

A dotación orzamentaria que se destina ás políticas activas de emprego é insuficiente para dar resposta ao principal problema dos galegos e galegas, que é o desemprego. Porque o que debera ser o principal obxectivo do Goberno, convértese en resignación nestes orzamentos. No terceiro trimestre de 2016 había 206.700 persoas paradas —das cales o 45% levaban dous ou máis anos buscando un posto de traballo— e 98.300 menos ocupadas ca no mesmo trimestre de 2009; pero a asignación que se destina á función de promoción de emprego e institucións do mercado de traballo para 2017 será inferior nun 43% á de 2009 (179 millóns de euros menos).

— O investimento público (capítulo VI de investimentos reais e capítulo VII de transferencias de capital) ascenderá a 1.471,6 millóns de euros no 2017, en relación co previsto para 2016 son 54 millóns máis (+3,8%). Os gastos de capital perden peso no total do orzamento consolidado pois absorberán o 13,6% do gasto total de 2017 fronte ao 13,7% de 2016, e quedan moi lonxe do 24% de 2009.

— Os orzamentos escatiman no gasto social e no investimento, pero o peso do gasto destinado á débeda pública sobre o total do orzamento aumentará desde o 15,5% previsto para 2016 ata o 16,9% no 2017 (en cifras absolutas, son 224 millóns de euros máis do estimado para 2016).

## CONCLUSIÓN

As cifras macroeconómicas ofrecen a falsa aparencia dun contexto económico e social recuperado. Pero a longa duración da crise económica, as políticas de axuste e de recortes conduciron á perda de actividade económica e de emprego, á redución de dereitos sociais e laborais e ao incremento da desigualdade; en definitiva, á creba dos principios e valores do estado social e de benestar.

Os orzamentos deberían reconducir a situación de crise e emerxencia social atendendo, en especial, a tres cuestións: a reactivación económica e a xeración de emprego de calidade; a aposta polo tecido produtivo e a súa diversificación, e o reforzamento dos servizos públicos e a protección social.

No entanto, a análise do proxecto de orzamentos para 2017 déixanos concluír que as contas públicas son continuístas e con moita carga ideolóxica. Non deberían de cualificarse de expansivas porque o gasto non financeiro medrará menos do que o fará o PIB nonimal.

A actual medra da economía debería ir acompañada dunha política expansiva que impulsase o gasto social e o investimento para logarmos unha fase máis duradeira de crecemento vigoroso do PIB. Cómpre aumentar os ingresos non financeiros para reforzar as políticas de gasto e apuntalar a sustentabilidade das contas públicas.

No entanto, a Xunta teima en renunciar á súa autonomía fiscal para incrementar os ingresos de maneira máis xusta e equitativa; por exemplo, subindo os tipos impositivos para os tramos de renda máis altos, creando novos tributos e reducindo as deducións actuais. As propostas concretas serían:

- Subir os tipos impositivos nos tramos máis altos na tarifa autonómica do IRPF.
- Manter o imposto de patrimonio con carácter permanente, elevando a actual escala de gravame dos seus tipos impositivos.
- Incrementar o tipo de gravame do imposto sobre o dano ambiental causado por determinados aproveitamentos da auga encorada.
- Crear novos impostos sobre grandes superficies comerciais, sobre vivendas baleiras e ás entidades financeiras por volume de depósitos.
- Reforzar o Plan de inspección e loita contra a fraude fiscal.

Ademais, o Goberno da Xunta deberá ter unha actitude máis firme co Goberno de España, votando contra a inxusta distribución do déficit público entre as diferentes administracións e esixindo un novo sistema de financiamento autonómico para recuperar os ingresos perdidos nos últimos anos. Deberá promover, tamén, unha verdadeira reforma fiscal en todo o Estado que lle devolva suficiencia, equidade e eficiencia ao noso sistema fiscal.

Tamén deberá esgotar o teito de gasto para aproveitar que no Consello de Política Fiscal e Financeira do mes de decembro se acordou aumentar o obxectivo de estabilidade orzamentaria ata o 0,6% do PIB fronte ao 0,5% que se prevé no proxecto de orzamentos para 2017 (disponse duns 60 millóns de euros adicionais máis dos que se reflicten no proxecto de orzamentos para 2017)

Así mesmo, cómpre un plan de racionalización dos servizos públicos externalizados: a súa prestación desde o sector público permitiría liberar recursos que se incorporarían tamén aos orzamentos.

A conxunción das anteditas actuacións proporcionaría máis ingresos, obtidos de maneira máis xusta e permitiría, pola súa vez, reasignar as partidas orzamentarias

para favorecer o desenvolvemento económico e social e mellorar a calidade de vida dos galegos e das galegas.

Outro escenario de ingresos que permitirá:

— Incrementar os orzamentos destinados ás políticas activas de emprego, con especial atención ao reforzamento do Servizo Público de Emprego en materia de orientación e atención ás persoas desempregadas e a posta en marcha de medidas encamiñadas a promover o emprego de calidade e a reducir a precariedade.

Urxen medidas que aposten polo emprego de calidade:

- Potenciar o Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Loitar de maneira efectiva contra a economía somerxida e a fraude laboral.
- Reducir a taxa de temporalidade contractual.
- Elaborar un plan de choque para o emprego local do Goberno central, autonómico e concellos, dirixido ás persoas desempregadas que carecen de prestacións.
- Eliminar a taxa de reposición e aprobar unha oferta de emprego público que responda ás necesidades reais dos servizos públicos para garantir o seu correcto funcionamento.
- Redefinir o modelo de formación profesional para o emprego: impartir a formación exclusivamente en centros públicos, elaborando plans de formación axustados ás necesidades do mercado de traballo e dirixidos á obtención de certificados de profesionalidade e regulando a formación profesional dual.

— Incrementar o gasto social, destinando máis recursos a sanidade, a educación, a protección das persoas dependentes, a protección social, ás políticas de igualdade e todo o que conforma o denominado estado de benestar. É dicir, dotar a renda de inclusión con recursos abondos para atender as persoas en situación de necesidade, restituír o dereito universal á protección da saúde e á asistencia sanitaria pública, gratuíta e de calidade en condicións de equidade; restablecer un sistema educativo público, laico, integrador e de calidade, e garantir a aplicación da lei de dependencia dándolles prioridade aos servizos fronte ás prestacións económicas.





— Recuperar o peso dos servizos públicos en termos do PIB e o volume de emprego anterior á crise.

— Aplicar o dereito á negociación colectiva aos traballadores e traballadoras do sector público para recuperaren os dereitos e o emprego perdidos.

— Incrementar o investimento público tanto nos sectores produtivos básicos como nos de maior potencial de futuro, como vía de estímulo á actividade económica e a creación de emprego.



Ante a falta de vontade política de modificar o escenario de ingresos públicos para 2017, desde CCOO facemos a proposta dunha nova fiscalidade progresiva en Galicia que, xunto coa corrección da discriminación do Goberno central, o esgotamento do teito de gasto, a avaliación dos beneficios fiscais e algún axuste nos gastos, proporcionaría os recursos necesarios para facer outra política que se centrase nas persoas e facilitase unha saída da crise máis xusta e equitativa.



**comisións obreiras**